


CONTACTO LINGÜÍSTICO, BILINGÜISMO, DIGLOSIA E FUNCIÓNS SOCIAIS

O **contacto entre linguas** é a coexistencia nun mesmo territorio, país, sociedade ou comunidade de dúas ou máis linguas. Isto provoca que tanto os individuos como a propia sociedade sexan bilingües, pero cada caso implica consecuencias diferentes.

O **bilingüismo individual** é a consecuencia do contacto entre linguas en cada persoa, que pode desenvolver, en maior ou menor medida, destrezas nas devanditas linguas en contacto. O **bilingüismo social** é a consecuencia no conxunto da sociedade, que pode resultar pernicioso para algún dos idiomas en contacto.

O contacto entre linguas leva irremediabilmente a unha situación de **conflito lingüístico**, que é a situación de tensión ou competición entre dúas linguas dentro da mesma sociedade por asumir un maior número de funcións sociais e de falantes. O conflito pode resolverse de dous xeitos: desembocando na **normalización lingüística**, é dicir, na recuperación da lingua propia do territorio, ou na **substitución lingüística**, ou sexa a asimilación da lingua importada.

A competencia polas funcións sociais pode levarnos a unha situación de **diglosia**, que é a situación de contacto entre linguas que teñen unha distribución xerárquica que de **funcións sociais**. Estas funcións serán aqueles planos ou niveis nos que unha lingua é empregada dentro dunha sociedade, e están representadas na seguinte pirámide.



Cando unha lingua se instala nas capas superiores, as de maior de prestixio, coñecémola como **lingua dominante**; a lingua que queda relegada ás capas inferiores denomínase **lingua minorizada**. Non debemos confundir estes termos cos de lingua maioritaria e lingua minoritaria, que responden ao número de falantes de cada unha das linguas e poden non corresponderse cos anteriores; por exemplo, o castelán foi durante séculos a lingua dominante en Galicia, pero até finais do XX e comezos do XXI foi claramente a lingua minoritaria.